

CICLO PENSARMOS

REMEDIOS ZAFRA

Despois do entusiasmo. Creatividade e traballo creativo na Cultura-Rede

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

Xoves, 25 de abril de 2019



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo.... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa. A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo . caron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes. Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas.

Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a reflexión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello dictum ilustrado, sapere aude, hoxe deveu máis necesario que nunca. “Atrévete a pensar” é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá. Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas.

Durante o ano 2019 cada cuarto xoves de mes o ciclo Pensarmos ofreceranos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

- 23 maio: António Cunha
- 27 xuño: Margarita Boladeras Cucurella

PROGRAMA

18:00 horas

Presentación

18:15 horas

Despois do entusiasmo. Creatividade e traballo creativo na Cultura-Rede

Remedios Zafra dialoga con **África López**

Remedios Zafra naceu en Zuheros, Córdoba, en 1973. Ensaísta e pensadora española. Profesora de Arte, Estudos de Xénero e Cultura Dixital na Universidade de Sevilla e profesora titora de Antropoloxía no grao de Filosofía da UNED. Licenciada en Antropoloxía Social e Cultural e licenciada en Belas Artes, estudos de doutoramento en Filosofía Política, Mestrado Internacional en Creatividade e Doutora en Arte. O seu traballo ensaístico logrou importantes premios e recoñecementos nacionais e internacionais, como o Premio Anagrama de Ensaio 2017, Premio Estado Crítico ao mellor ensaio de 2017, Premio das Letras El Público 2014, Premio Málaga de Ensaio 2013, Premio de Ensaio Caja Madrid 2004, Premio Nacional de Ensaio Carmen de Burgos 2000, Premio de Investigación da Cátedra Leonor de Guzmán 2001, Premio Literario Mujeres del Medio Rural y Pesquero do Goberno de España 2006, Mención de honra no Premio de Escritos sobre Arte 2009, Premio de Comunicación da Asociación de Dones Periodistas de Catalunya 2010 e Premio Meridiana de Cultura do Instituto Andaluz de la Mujer 2014. A súa obra foi traducida a varios idiomas.

É autora dos ensaios: *El entusiasmo*.

Precariedad y trabajo creativo en la era digital (Anagrama, 2017); *Ojos y capital* (Consonni, 2015); *(h)adas. Mujeres que crean, programan, prosumen, teclean*. (Páginas de Espuma, 2013); *Un cuarto propio conectado*. (Ciber)espacio y (auto)gestión del yo (Fórcola,

Madrid, 2010); *Sempre connessi. Spazi virtuali e costruzione dell'io* (ed. Giunti, Italia, 2012); *A connected room of one's own. (Cyber)space and (self)management of the self* (Fórcola, Madrid, 2012); *Netianas. N(h)acer mujer en Internet* (Lengua de Trapo, Madrid, 2005); *Habitar en (punto)net. Estudios sobre mujer, educación e Internet* (Universidad de Córdoba, 2004); *Las cartas rotas. Espacios de igualdad y feminización en la Red* (Almería, 2005); *e-dentidades. Loading-Searching-doing-cartografías del sujeto online* (Web-Side, Mediateca CaixaForum, 2004). Coordinou e editou, entre outros, o primeiro libro *Ensayos sobre género y ciberespacio* (Briseño, Madrid, 2010). Da súa obra creativa salientan as novelas: *Los que miran* (Fórcola, Madrid, 2016); *#Despacio* (Caballo de Troya, Penguin Random House, 2012); *Lo mejor (no) es que te vayas* (Ministerio de Agricultura, Medio Rural y Pesquero do Goberno de España, 2007) e *Historia de una mujer sin nombre*, Briseño, Madrid, 2012). www.remedioszafra.net

África López (A Coruña, 1966) é profesora de Filosofía no IES Urbano Luigrís de A Coruña así como coordinadora da súa Biblioteca. Anteriormente foi profesora noutros institutos en Pontevedra, Marín, Padrón, Carballo e A Coruña. Escribiu libros sobre *Concepción Arenal* (2004) e *Simone de Beauvoir* (2008) na colección Pensamento da editorial Baia. Tamén unha unidade didáctica sobre a película *Concepción Arenal, a visitora de cárceles* (2014). Así mesmo, realizou a revisión temático-losó ca da tradución ao galego de *O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir (na editorial Xerais, 2008). Ademais, é autora de numerosas recensións de ensaios losó cos na revista *Ágora* e outras así como de artigos en revistas e xornais. Doutourouse en Filosofía no ano 1999 cunha tese titulada "O individuo na losofía de Michel Foucault".

ORGANIZA

Consello da Cultura Galega
Sección de Pensamento

COORDINA

Carme Adán Villamarín

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

